

CONCELLO DE VIGO



DECRETO

Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico atribuíndose á su titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, fórmulase á Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, lle corresponde á Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Primeira Teniente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D. M^a Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Terceiro programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2017, a través do Servizo de Patrimonio Histórico:

- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
- 3.600 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RE) 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

En Vigo, na data segundo sinatura dixital
A Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, María Gómez Janeiro

RESOLVO de conformidade coa mesma,

O Alcalde-Presidente, Abel Caballero Alvarez
Dou fe, A Secretaria do Goberno Local, M^a Concepción Campos Acuña

